



### 3º CICLO, E. PRIMARIA




**AVENIDA DO PARQUE 17** – Agustín Fdez. Paz. Edt. SM

A vida de Marta experimenta unha brusca transformación cando os seus pais deciden trasladarse á cidade e alugan unha vella casa sobre a que circulan mil historias raras e inquietantes. De feito, ao pouco de mudarse, Marta comeza a oír ruidos extraños na súa habitación.




**O MISTERIO DOS FILLOS DE LÚA** – Fina Casalderrey. Edt. SM

David, un rapaz de oito anos, convértese en narrador para contarnos como transcorre a súa vida mentres trata de resolver un misterio: que pasa cos fillos da gata Lúa? Por que lle desaparecen sempre ó acabar de nacer?



**LA VOZ DEL ÁRBOL** – Vicente Muñoz Puelles. Edt. Anaya

Virginia vive no campo coa súa familia, rodeada de animais e plantas. A convivencia coa cadela Laika, a rana Renée, o furón Hugo ou o paxaro Grip é tan natural coma con calquera dos seus irmáns. Pero ese verán Virginia descobre algo moi especial: unha cabana nunha árbore na que van aparecendo libros de forma misteriosa. quen os deixa alí? Por qué?



**ME LLAMO... PICASSO** – Eva Bargallo. Edt. Parramón

Aínda que son famoso gracias aos meus cadros, teño que dicir que parte da miña celebridade débese o feito de ter coñecido a moitas persoas interesantes e de ter vivido nunha das épocas máis prolíficas dende o punto de vista cultural. O meu carácter inquedo e independente, xunto coas miñas dotes innatas para a creación artística, empuxáronme a buscar novas linguaxes de expresión, sen comprometerme con ningunha, e fixo de min o maior artista do século XX. Polo menos eso din os entendidos da materia!

## A NOSA GUÍA



**Chega o verán, as raiolas do sol quentan os nosos corpos. É tempo de baño e xogar coas ondas do mar. E entre chapuzón e chapuzón por que non gozar dun bo libro?**

Para coñecer a nosa biblioteca visitade a nosa

**PÁXINA WEB**

<http://centros.edu.xunta.es/ceipisaacperal>

Nela atoparedes multitude de

**CONTOS E ACTIVIDADES**

E non esquecervos de visitar o noso sitio

**“QUE LEMOS”**

onde están os libros recomendados para o

**Nadal, a Paz, o Verán...**


Tamén podeades **LER NA REDE** ou visitar a nosa

**BIBLIOTECA VIRTUAL PERALIÑO**

Xa ten correo electrónico por se lle queredes

enviar suxestións

[bibliotecaisaacperal@gmail.com](mailto:bibliotecaisaacperal@gmail.com)



Rapaza lendo un libro na praia  
Pablo Picasso


# Guía de Lectura

## Verán 2014

**Biblioteca  
Antón Cortizas**


# CEIP ISAAC PERAL

## EDUCACIÓN INFANTIL



**NA COCIÑA DE NOITE** – Maurice Sendak. Edt. Kalandraka

"Nós forneamos para ti, mentres ti dormes": Un recordo da nenez que, a través dun relato onírico, converteuse nun álbum de referencia en todo o mundo, superando mesmo a censura do puritanismo.



**ELEFANTE COMELLÓN** – Rafael Ordóñez. Edt. Kalandraka

Unha fauna mansa e vexetariana aparece nas páxinas deste divertido xogo de palabras rimadas. Creados coa técnica do linogravado, animais e froitas forman un sorprendente mosaico de cores e formas.



**LA CASA MÁS GRANDE DEL MUNDO** – Leo Lionni. Edt. Kalandraka

Unha casa de caracol grande como unha catedral, rechamante como unha torta de aniversario, redonda como un circo. Non será difícil de transportar?



**LAS LETRAS EN EL ARTE** – Anne Gueriy y Olivier Dussutour. Edt. SM


Este libro propón aos nenos que observen 26 cadros de mestres da pintura occidental dende o século XIII ata o século XX para atopar en cada un deles unha letra do abecedario. Deste xeito, o neno descubrirá a obra de pintores medievais, renacentistas, modernos e contemporáneos. Un libro no que a arte e as letras concóntanse para espertar a curiosidade infantil e o seu interese pola arte.

## 1º CICLO, E. PRIMARIA




**A NENA DE AUGA E O PRÍNCIPE DE LUME** – Xabier P. Docampo. Colección Merlín, Edt. Xerais.

Como se fai un conto? Primeiro tes que ter a quen llo contar e logo inventalo. Ti cres que coa auga e o lume pode facerse un conto? Proba a ver se es capaz. Verás que non é tan fácil xuntar a auga e o lume




**HONORATO, O RATO NAMORADO** – Antonio García Teijeiro. Colección Merlín, Edt. Xerais.

Honorato é un rato ao que lle gustan as palabras, e gústalle pintalas de cores: utiliza a cor verde para falar dos campos, a azul para falar do ceo e do mar, a amarela para falar da luz e do sol. A cor negra para falar das guerras, a cor gris para falar do inverno e a cor vermella para falar., para falar ¡de amor! Si, porque Honorato está namorado. E de quen está namorado?



**AL OTRO LADO DEL SOMBRERO** – Carles Cano. Edt. Anaya

Jaume Mirón sempre sentiu curiosidade polo lugar onde os magos agochan eses coellos que sacan rabexando dos seus sombreros. Como o farán? Por que non dan un chío cando os sacan polas orellas? Nunca escapou ningún coello? E logo por que son todos brancos? Unha chea de preguntas amoreábanselle na cabeza, polo que Jaume Mirón decidiu saber a verdade.



**EL CUADRO MÁS TRISTE** – Violeta Monreal. Colección el Duende Verde, Edt. Anaya

Paul e Franz acoden, xunto a outros compañeiros, ao museo, pero eles non están moi interesados na visita programada, prefíren explorar pola súa conta. Mentres a guía explicará ao resto de alumnos como é o cadro máis triste do mundo e que quixo representar o artista con esa obra.

## 2º CICLO, E. PRIMARIA



**UN CADRO DE... (PICASSO, VELÁZQUEZ, VAN GOGH)** – Claire D'harcourt. Edt. Factoría k

O simbolismo das figuras, o trágico contexto histórico do lenzo, o perfil multidisciplinar do artista... Unha coidada edición cun cartel despregable para internarse nunha das obras mestras do século XX.



**BRINCA VAI!** – Paco Nogueiras. Edt. Kalandraka

Doce cancións para doce meses, na escola e mais no fogar: a natureza, a amizade, as nosas festas, os libros... cantando e bailando ritmos contemporáneos de xeito lúdico. Con divertidos videos musicais e contidos adicionais na web



**EL TAPIZ MISTERIOSO** – Luisa Villar Liébana. Edt. El Barco de Vapor

Clara e Xurxo deciden levar ao seu fillo Curro ao Museo do Prado, este non quere ir porque está seguro de que se vai aburrir. Pero na sala de Goya empezan a ocorrerlle cousas estrañas que ninguén máis parece ver... Que está ocorrendo realmente? Unha historia de misterio que achega a pintura clásica aos máis pequenos.



**PERCY JACKSON Y LOS DIOS DEL OLIMPO: EL LADRÓN DEL RAYO** – Rick Riordan. Edt. Salamandra

Percy Jackson é un rapaz aparentemente normal que non acaba de adaptarse ben a ningún sitio e que está desexando que cheguen as vacacións para se poder ir coa súa nai. Pero antes de que iso pase empezarán a ter lugar uns estraños sucesos que irán en aumento e que lle levarán, finalmente, a descubrir que o seu pasado non é o que el cría, que seu pai é máis importante do que pensaba e que as súas aventuras non fixeron nada máis que comezar.